



Vadim Yukhnevich

MESTRE DE ACORDEÓN

Historial Académico

Nace en Minsk (Bielorusia) en 1978. Comeza a súa traxectoria musical en 1986 na súa cidade natal.

En 1997 obtén o título de mestre de acordeón no Colexio de música Glinka de Minsk, onde era membro da orquestra de instrumentos tradicionais de Rusia e director de orquestra no profesional.

En 1999 remata dous cursos de Acordeón e Piano, ademais de prácticas de dirección de orquestra no Conservatorio Superior de Minsk. En 2014 remata o Grao Superior de acordeón no Conservatorio Superior da Coruña.

Experiencia

Vadim foi galardonado en diferentes ocasións. O seu premio máis recente foi en 2019, gañando coa **Banda Crebinsky** o **Premio Martín Codax de Música Galega**, premio que gañou coa mesma banda en 2013.

Ademais podemos salientar outros premios como o **Premio de Teatro María Casares** por mellor música orixinal, premio que gañou en tres ocasións e o **Premio no Concurso da República de Belarus**.

Tocou con diferentes agrupacións, comezando pola Orquestra de Instrumentos Nacionais da Universidade de Belarus. Foi músico integrante e arreglista dos grupos **Kibirka** e **Stranniki**; membro de **Xúa**; **Brath**, **Graira**, **Sac Noir**, a agrupación de **Xoan Curiel**, **Banda Crebinsky**, **Zercalo**, o ensemble **Vertixe Sonora**, **TDC**, **Volando libre**, **Arifi** e a banda **Fonsa Trío**.

Vadim foi tamén docente de acordeón e dirección. Participou como músico, arreglista e compositor en diferentes espectáculos teatrais como por exemplos: **En busca do Nadal**, **Resaca**, **Normas para saber vivir**, **Donde hay agravios no hay celos**, **Tres Reás**, **Nadia plus Kibitka**, **Salomé**, **Helena e María**, **A Esmorga**, **A maxia da Santa Compañía**, **Bicharada**, **Dva**, **Boas noites**, **Gairá**, **El encanto de Lugo** y **A cabana de Babaigá**,

Vadim ten unha longa discografía. O primeiro de 20 discos foi gravado en 2004 co grupo **Stranniki**, "**Os directos da Galega**".

Os 19 restantes son: "**Intres**" co grupo **Brath**, "**Xúa!**" do grupo **Xúa**, "**Palabra no tempo que comeza**", BSO do espectáculo "**Boas Noites**", BSO do filme "**Abrigate**", **Eloi Caldeiro** canta poemas de **X.María Álvarez Blázquez** en "**Entre o Miño e o Mar de Vigo**", "**Nai**" de **Xoan Curiel**, BSO do filme "**Crebinsky**", "**Ida NACHALO**" de **Kibitka**, "**Banda Crebinsky**", "**ConSentimento**" de **Leilía**, "**Terra Chá**" con **Kibitka** e **Xúa**, "**Jet Lag**" de **Crebinsky**, "**Compromiscuo**" con **Proyecto Cupeiro + Yukhnevich**, "**Miel y Jengibre**" con **Volando Libre**, "**Zirkus Affe**" coa **Banda Crebinsky**, "**Fonsagrada**" de **Candorka trío** e "**Alpha**" con **Xurxo Iglesias**.

Vadim Yukhnevich

Naceu en Minsk e comezou a súa andaina musical na Escola de Música da súa cidade natal.

Rematou a súa formación superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña e levou a cabo cursos de Piano e Dirección de Orquestra, ademais da súa especialidade: o acordeón.

Foi galardonado en diferentes ocasións e formou parte de máis de 10 agrupacións. Ten máis de vinte discos gravados e actualmente mantén a súa actividade como acordeonista e docente.